

<b>Proposta de nome para o proxecto</b>	<b>Circuíto de música/Galegote rock</b>
<b>Proposta presentada na xuntanza do</b>	30/5/12
<b>Datos da persoa que fai a proposta</b>	Conchi Cochón
<b>Breve descrición</b>	Trátase de crear un circuíto de locais que acollan pequenos concertos de grupos ou solistas que fan música en galego.
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Dar oportunidades de concertos aos grupos que fan música en galego.</li> <li>– Animar os grupos novos a que utilicen o galego.</li> <li>– Promover o gusto pola música en galego entre o público que asiste a concertos.</li> <li>– Dar a coñecer iniciativas musicais en galego.</li> <li>– Incentivar a presenza da música en galego en locais nos que habitualmente hai concertos.</li> <li>– Darlle difusión conxunta aos concertos; crear un circuíto por todo o país.</li> </ul>
<b>Explicación da acción</b>	– Organizar un calendario de concertos ao longo de todo o país; darlle difusión e publicidade conxunta.
<b>A quen vai dirixida a acción?</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Grupos musicais que fan música en galego</li> <li>– Locais con espazo para acoller actuacións musicais</li> <li>– Público asiduo aos concertos en locais pequenos</li> </ul>
<b>Quen se propón que a promova?</b>	Pode promoverse desde os SNL dos concellos, desde asociacións culturais ou xuvenís ou desde entidades doutro tipo.
<b>Necesidades materiais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Son para algún grupo (isto supón gasto)</li> <li>– Carteis para anunciar os concertos</li> </ul>
<b>Necesidades humanas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Unha persoa que xestione o proxecto en cada localidade (pode ser a persoa encargada de programación nos locais)</li> <li>– Unha persoa que coordine todas as localidades (habería que definir o perfil)</li> </ul>

<b>Proposta de xestión do proxecto</b>	<p>– Aquí organizámolo do seguinte xeito:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A sala queda coa caixa das consumicións.</li> <li>2. O grupo queda coa recadación da venda de entradas.</li> <li>3. O Concello, ademais da difusión, puxo o son nalgúns concertos que o necesitaron e os carteis (deseño e impresión; da distribución encargouse a Sala Karma, o local no que se están a facer os concertos).</li> </ol>
<b>Prazos previstos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– O 30 novembro hai que ter feitos os contactos cos locais, cos grupos e ter unha previsión do calendario posible en cada localidade.</li> <li>– A 30 de xaneiro (cando estean aprobados os orzamentos) hai que ter confirmación do calendario de actuacións.</li> <li>– O 15 de febreiro hai que ter impresos os carteis da publicidade</li> <li>– A partir do 15 de marzo, comezo das actuacións: un concerto ao mes en cada localidade (aproximadamente)</li> </ul>
<b>Outras observacións</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Este ano en Pontevedra estase a realizar co nome Galegote Rock</li> </ul>